UNIDADE 3. TRAZOS ECONÓMICOS, SOCIAIS E POLÍTICOS DO ANTIGO RÉXIME. A POLÍTICA CENTRALIZADORA DOS BORBÓNS. O REFORMISMO ILUSTRADO. GALICIA NO ANTIGO RÉXIME.

(2ª quincena, 1ª semana)

ÍNDICE

1. Introdución xeral

2. Economía de base agraria

3. Sociedade estamental

4. A política centralizadora dos Borbóns

- **4.1. A guerra de Sucesión**
- **4.2. Política interior: o centralismo borbónico**

5. O reformismo ilustrado

- **5.1. A ilustración española**
- **5.2. Carlos III e o despotismo ilustrado**
- **5.3. Os límites do reformismo borbónico**

6. As transformacións económicas, as manufacturas e o comercio colonial no século XVIII.

- **6.1. Crecemento demográfico**
- **6.2. As manufacturas**
- **6.3. As manufacturas**

7. Galicia no Antigo Réxime

1. Introdución xeral

Por Antigo Réxime entendemos o sistema económico, social e político que procedía da descomposición do feudalismo medieval, e que estivo en vigor ata o liberalismo en Europa. Comprende os séculos XVI, XVII e XVIII

Os revolucionarios franceses de 1789 chamábanlle Antigo Réxime ao estado de cousas anterior á Revolución, que a propia revolución lle puxera fin.

As características básicas do Antigo Réxime son as seguintes:

Unha economía de base agraria e señorial, unha poboación cun réxime demográfico antigo, unha sociedade estamental baseada nos privilexios e unha política caracterizada polo absolutismo monárquico.

Durante o século XVII e especialmente no XVIII, haberá forzas que loitarán por destruílo, como son a aparición de novos grupos sociais (a burguesía), novas necesidades económicas (desenvolvemento do capitalismo comercial) e un pensamento novo (a Ilustración) farán que o século XVIII sexa o século da fin dunhas estruturas e a aparición doutras novas.

2. Economía de base agraria.

A economía do Antigo Réxime era basicamente rural, entre o 80 e o 90% da poboación dedicábanse a tarefas agrícolas, o que lles proporcionaba case o 75% da producción de bens.

A maior parte da producción dedicábase ao autoconsumo, polo que os intercambios comerciais eran escasos e dificultados pola mala estructura do sistema de transporte.

España era un país fundamentalmente agrario. En 1797 o sector agrario agrupaba a máis dun 67 % da poboación activa fronte o 22% do sector terciario e o 12% do industrial. A producción agraria aumentou ó longo do século, pero ese aumento foi debido máis ó aumento dos terreos cultivables gañados ós bosques ou ás augas que ás melloras técnicas. A propiedade da terra seguía tendo unha estructura señorial xa que se atopaba na súa maioría vinculada á nobreza e ó clero, que se resistían a calquera intento de reforma.

Non había plena propiedade privada: a maior parte das terras estaban amortizadas, non se podían dividir, mercar nin vender: eran as terras de " mans mortas". A propiedade vinculada permitía sacar proveito dela ao seu titular e exercer xurisdicción sobre ela.

Temos como exemplo a institución do morgado: nacida na Idade Media consistía no dereito a vincular o conxunto dos bens ao título nobiliario, ou á familia, de forma que o herdeiro ou vinculeiro, sempre era un só para non dividir o patrimonio) podía administrar e gozar dos bens, pero sen vendelos ou ou trasferilos a un alleo.

No século XVIII o morgado estaba en plena vixencia, e non só nobres, senón tamén plebeos enriquecidos outorgaban en morgado as súas terras.

" Primeiramente, que despois dos seus días posuirá e gozará perpetuamente este vínculo e morgado Don Domingos Cabarrús e Gelabert, o seu fillo lexítimo e primoxénito, e os seus herdeiros lexítimos por orde de primoxenitura regular, preferindo o maior ao menor e o varón á femia, aínda que esta sexa maior de idade, e consonte ás leis do reino (...) que os bens deste morgado non se poidan dividir, vender, ceder, renunciar, doar, legar, trocar, acensuar, empeñar nin gravar de ningunha maneira (...)o cal lles prohibe absolutamente aos posuidores, porque así lles convén e é preciso á seguridade desta vinculación. Con estas condicións, requisitos e reservas, e non sen elas, Don Francisco Cabarrús fai, outorga e formaliza esta escritura de vínculo e morgado de todos os expresados bens e do crédito dos cento dous mil pesos ou parte deles, porque o seu importe chega e non excede o tercio e remanente do quinto do que pode dispor libremente a prol de Don Domingos Cabarrús, o seu fillo lexítimo e primoxénito, consonte ás leis do reino (...)"

Escritura de fundación do morgado outorgado por Francisco Cabarrús (1780)

O carro. Louise Le Nain.1641

A Coroa, a nobreza e maila Igrexa eran titulares dos señoríos, extensas posesións sobre as que exercían xurisdicción e das que recibían rendas. Polo que case un 80% das terras cultivables estaba fóra do mercado, e a maioría da poboación non accedía á propiedade.

Os dereitos señoriais eran os beneficios de todo tipo que recibían os donos das terras. Había o señorío xurisdiccional que lle daba ao señor o dereito a exercer xurisdicciónes de tipo público sobre as súas posesións e sobre as terras de propietarios libres. Ex.: *dereito de ban,* outorgáballe a facultade de dar ordes e regulamentos nos seus dominios; *dereito de inmunidade* que lle daba autonomía ás súas terras respecto do poder real, ou *dereito de xustiza* que lle permitía xulgar ás persoas do seu territorio e incluso aos transeúntes.

A maior parte da producción dedicábase ao autoconsumo, polo que os intercambios comerciais eran escasos e dificultados pola mala estructura do sistema de transporte.

Ademais de tódolos tributos, peaxes, multas e dereitos de paso engadíase o décimo (*diezmo)* que obrigaba a tódolos campesiños a entregar a décima parte das colleitas, no caso da Igrexa para asegurar o mantemento do culto e do clero.

Aínda que existía un certo número de agricultores propietarios das súas terras, sobre todo en Cantabria, Asturias, País Vasco e norte de Castela, a maior parte dos campesiños eran arrendatarios ou xornaleiros. A condición dos campesiños variaba en función das zonas e tipo de contrato ao que estaban suxeitos. En Cataluña a maioría das terras eran cultivadas por campesiños con contratos enfitéuticos, estables e a perpetuidade. En Galicia e Asturias os arrendamentos eran fixos para tres xeracións (foros), pero a falta de terras deu orixe á subdivisión destas (subforo) e a incrementar o problema do minifundismo, cunhas explotacións insuficientes para manter unha familia.

No sur de Castela, en Extremadura ou en Andalucía existían enormes extensións (latifundios) en mans da nobreza e o clero, que eran traballados por campesiños en arredamentos a curto prazo ou por xornaleiros. As condicións nesta zona eran as máis duras para o campesiñado, incapaz de acumular excedente, ao lles aumentar as rendas á vontade dos señores. Ademais a competencia, nestas zonas, da gandería ovina extensiva era moi forte. Os grandes propietarios, organizados desde a Idade Media na Mesta posuían enormes rabaños que lles proporcionaban grandes beneficios, e en moitos casos primaban o uso da terra para pastos e non para cultivar.

"Cada vez que se cumpre o termo dun contrato o propietario esixe do arrendatario que avance o prezo do arrendamento seguinte, e se non, ameázao con que llo arrendará a outro, seguro de que pola escaseza de terras para cultivar e polo gran número de concorrentes, non faltará quen llo arrende. O arrendatario, que xa ten os seus trebellos, rabaños, palleiros e outras provisións que perde se abandona aquel predio, vese na triste necesidade de subscribirse no que lle dicta a tiranía do propietario, e cada ano este vaille apertando os prezos ata o punto de volvelos xa intolerables"

Informe Olavide sobre a Lei Agraria. (1766)

Respecto dos ritmos de crecemento coexistían dúas realidades agrarias diferentes: interior e periferia.

O interior:

En Castela había un mercado interior sen articular e unha concentración das terras nas mans de rendistas pertencentes ao clero e á nobreza, que especulaban vendendo os cereais cando o campesiño xa consumira a súa colleita, sobre todo nos anos de escaseza. O campesiño, ao non ter apenas excedentes para vender non ten cartos para mercar produtos industriais ou pagar impostos. Por tanto, non había estímulos para investir noutras actividades productivas.

A periferia:

O sistema impositivo era máis igualitario, os campesiños tiñan pequenos excedentes e a proximidade ao mar permitía comerciar cos produtos que non foran vendidos nos seus propios mercados rexionais, beneficiándose ademais do comercio colonial.

«... Vamos a intentar penetrar máis polo miúdo nos problemas económicos desta España de finais do Antigo Réxime, trazando unha imaxe esquemática do seu funcionamento no século XVIII. Sabemos, que nese século houbo un crecemento xeral. Crecemento, en primeiro lugar da poboación, que excedeu por vez primeira os oito millóns de habitantes, aumentando desde os 7.500.000 en 1717 a unha cifra entre os 11 e os 12 millóns en a comezos do s. XIX. Este crecemento da poboación actuou sobre a demanda agraria: un consumo maior de alimentos daría lugar á subida dos prezos agrarios e estimularía aos grandes propietarios a realizar melloras técnicas para aumentar a produción. O século XVIII está marcado na historia da economía española pola aparición das *Sociedades Económicas de Amigos del País* e pola preocupación acerca do progreso da agricultura. (...)

Así foi como se consolidou o desfase entre o interior da Península, que permanecía nunha economía agraria pechada e unha periferia que se industrializaba de costas ós mercados interiores, contando tan só cos seus propios mercados rexionais e coas ilimitadas posibilidades do comercio colonial. Mentres Castela producía trigo en exceso e mercaba tecidos estranxeiros, a periferia peninsular producía tecidos e importaba grandes cantidades de cereais para o seu consumo. Isto significaba que, sumando as compras de tecidos do interior e as de cereais na periferia, producíanse enormes deficits na balanza comercial española respecto do estranxeiro. O sistema puido seguir funcionando así mentres América proporcionou artigos coloniais e, por de todo, diñeiro co que efectuar a necesaria compensación. Pero, cando o comercio colonial caeu verticalmente, a partir de 1814, o equilibrio de todo este complexo de fluxos tería que virse abaixo. (...)»

J. Fontana. *La quiebra de la monarquía absoluta*, 1814-1820, px. 48-53, Ariel, 1971.

As innovacións na agricultura eran escasas e limitadas a algunhas zonas periféricas: millo (S.XVII) e pataca (S. XVIII) en Galicia; extensión de regadíos e moreira branca en Levante e Cataluña

Tamén a produción de gando era insuficiente pola falta de alimentación que dependía das herbas dos barbeitos e dos pastos comunais. As colleitas eran as que marcaban o ritmo da economía, sometida regularmente ás chamadas crises de subsistencia, que eran períodos de especial carencia, sobre todo do trigo, ou o encarecemento de produtos básicos.

Os excedentes agrarios acumulados polos estamentos privilexiados destinábanse ao gasto suntuario e non ao investimento productivo e para os campesiños os excedentes eran tan escasos que case non chegaban para as compras máis indispensables. A maioría do campesiñado vivía na miseria.

Poucos campesiños eran propietarios; en 1797: 21% propietarios, 30% arrendatarios, 48% xornaleiros.

A **industria** non existía no século XVIII tal e como a entendemos hoxe. A maior parte da poboación activa dedicada á industria eran artesáns agrupados en pequenos obradoiros, suxeitos á organización gremial, cun estricto control sobre a produción, os prezos, as calidades, etc. e a creación de novos obradoiros que impedían a liberdade de empresa

A maioría da produción destinábase ao consumo local (productos básicos); un sector minoritario das manufacturas se destinaba aos artigos de luxo para a Corte e os estamentos privilexiados A única industria moderna foi a industria téxtil catalana, non agremiada, con capital e traballo concentrados e dirixida por capitalistas comerciais ou por pequenos industriais.

O **comercio** interior continuaba a ser moi deficiente, debido á economía de subsistencia (os campesiños case non mercaban nada) e ás enormes dificultades de comunicación interior: rede de camiños desastrosa que impedía a articulación do mercado interior, a pesar das reformas encamiñadas a facilitalo, como a desaparición das aduanas interiores e a construción de obras públicas. Sen embargo, o comercio exterior, en especial coas colonias americanas, experimentou un importante crecemento no século XVIII. América permitiu soster a deficitaria situación que se mantiña cos países europeos dos que se importaban mercadorías industriais.

Aínda que a incapacidade de abastecer de productos propios ás colonias obrigaba a importacións masivas que se pagaban con productos americanos (incluíndo ouro e prata)

Os comerciantes españois limitábanse a ser, fundamentalmente, intermediarios

A concesión de monopolios para comerciar con América era a principal fonte de ingresos do Estado. Non existía liberdade de empresa: o Goberno autorizaba as manufacturas, prezos, mercados, etc.

3. A sociedade estamental

Na España do XVIII mantense a **sociedade estamental**, que ten como características esenciais a desigualdade xurídica e o inmobilismo social. Os grupos privilexiados (nobreza e clero) posuían a maior parte das propiedades, non pagaba impostos e ocupaban case todos os cargos públicos.

Caricatura da sociedade estamental

A sociedade dividíase en tres grandes grupos ou estamentos (tamén chamados estados ou ordes), cada un deles sometido a normas e leis diferentes

Dous dos tres estamentos eran os privilexiados: a nobreza e máis o clero non pagaban impostos, só eles podían ocupar cargos públicos e honores e non estaban sometidos á xurisdicción dos xuíces ordinarios.

O resto da poboación (pobres, xornaleiros, campesiños, artesáns, comerciantes…) integraban o estamento que carecía de privilexios e estaba sometido á lei común, constituían a maioría da poboación e recibían o nome de *pecheros* ou *terceiro estado*

Os valores aristocráticos constituían o modelo de prestixio social: o nobre non traballaba e vivía de rendas, valorábase negativamente o traballo artesanal (algúns oficios considerábanse desprezables: ferreiros, curtidores…) e había unha obsesión pola limpeza de sangue, requisito imprescindible para acceder á maioría de cargos e oficios (mentalidade racista e intolerante)

Os privilexios e riquezas do clero favoreceron que un elevado número de persoas optase pola vida relixiosa.

A sociedade estamental é moi pouco dinámica, sendo moi difícil cambiar de estamento

As únicas excepcións eran a vida relixiosa (aínda que os cargos altos estaban reservados a fillos de nobres) e o servicio real.

Tamén houbo algún caso de matrimonio de conveniencia entre fillos de nobres con escasa riqueza (pero con privilexios propios do seu estado) e fillos de burgueses, con riqueza e que desexaban mellorar de posición socia, pero a maioría da poboación era analfabeta

Unha limitadísima minoría accedía á Universidade onde se impartían estudios xurídicos e relixiosos. Era imprescindible o certificado de “limpeza de sangue” e na práctica estaba reservada aos fillos dos fidalgos que despois optaban por continuar carreira na administración ou na Igrexa

Toda a sociedade era profundamente relixiosa e non había diferencia entre relixión e política: o que era considerado pecado pola Igrexa era considerado delicto e perseguido pola autoridade

A sociedade tamén era profundamente intolerante, e non se aceptaba ningunha disidencia relixiosa: A Inquisición era un tribunal político-relixioso para perseguir aos disidentes. Era o único que tiña xurisdicción sobre todas as persoas e todos os territorios da Monarquía.

No Antigo Réxime todas as persoas, terras, e pobos dependían doutras. Incluso os nobres dependían do rei, e o rei, teoricamente, do Papa

En cada territorio había algún señor (podía ser máis de un), que impoñía a autoridade, nomeaba cargos públicos, gozaba de privilexios exclusivos e exercía a xurisdición (leis, castigos, impostos…)

Segundo o tipo de autoridade, o señorío podía ser de reguengo ou realengo (rei), secular (nobres) ou eclesiástico (bispos, mosteiros, abades…).

Representación estamental do Antigo Réxime

Todo este poder da nobreza e o clero deu lugar a un raquitismo social da burguesía comerciante e industrial, cunha influencia que non excedeu do ámbito dalgunhas cidades dedicadas ao comercio, especialmente colonial (Cádiz, Barcelona,...)

Sen embargo aparecen as primeiras críticas a esa organización social, por parte dos ilustrados. Esas críticas ían dirixidas contra o mantemento dos privilexios da nobreza e do clero e serían o punto de partida do proceso que levará á fin deste modelo social no seguinte século. O Terceiro Estado (burgueses, artesáns e campesiños), os que traballaban e producían, constituía o 90% da poboación con situacións moi diversas.

4. A política centralizadora dos Borbóns.

No Antigo Réxime a monarquía lograra someter á nobreza e impoñer a soberanía real

O poder supremo residía no rei, que segundo os seus defensores podía exercelo sen limitacións, porque o recibía de Deus: facer leis e abolilas, impartir xustiza, organizar os poderes e a administración do Estado, etc.

Pero, aínda que poida parecer que os monarcas absolutos tiñan un poder ilimitado, na práctica isto era moito mais teórico ca real. O absolutismo aparece en Francia no século XVII como resultado da evolución da monarquía autoritaria dos séculos XV – XVII, que en España representaron os Austria. A chegada ao trono español da dinastía francesa dos Borbóns significou a implantación do absolutismo monárquico

4.1. A guerra de Sucesión

No 1700 morreu Carlos II sen descendencia. Desde ese momento desatouse un conflicto pola sucesión da Coroa española, na que interveñen as potencias europeas: Inglaterra, Austria e Holanda apoiaron ó arquiduque Carlos de Austria; Francia a Filipe de Borbón (neto de Luis XIV). A guerra de sucesión foi un conflicto internacional e tamén unha guerra civil que enfrontou ás autoridades dos diferentes reinos que integraban o Reino de España. As de a Coroa de Castela (incluíndo Galicia, territorios vascos e Navarra) apoiaron a Filipe de Borbón (Felipe V)

As da Coroa de Aragón (Cataluña, Aragón, Valencia e Baleares) apoiaron ao arquiduque Carlos de Austria

As victorias militares das tropas francesas e casteláns na Península e máis o acceso ao trono de Austria do arquiduque Carlos facilitou unha paz negociada nos Tratados de Utrech (1713) e Rastadt (1713) nos que se estableceu un equilibrio entre potencias:

Felipe V foi recoñecido como rei de España, renunciando expresamente á Coroa de Francia.

O Reino Unido mantivo a ocupación de Menorca e Xibraltar e un “navío de permiso” cada ano para negociar coas colonias españolas. Austria quedou cos Países Baixos “españois” (Bélxica), Nápoles, Milán e Sardeña

Malia aos tratados internacionais de paz, a guerra continuou na Península: as tropas de Filipe V conquistaron Barcelona en 1714 e Mallorca e Ibiza no 1715. A derrota dos cataláns, aragoneses, valencianos e mallorquinos significou a anulación das leis e institucións, pasando a ser territorios gobernados por un Capitán Xeral nomeado directamente polo rei, e coas mesmas leis que en Castela

4.2. Política interior: o centralismo borbónico

A familia de Filipe V. Jean Ranc. 1722

Dentro do espírito ilustrado dominante no século en Europa, os Borbóns pretenderon aplicar un programa reformista que modificase o sistema, facéndoo máis eficaz desde o punto de vista económico, pero que non o cuestionase. Impuxeron unha

monarquía absoluta e centralista, que culminaba en Madrid e no rei. Lembrade que a fórmula política do absolutismo o monarca absoluto era a encarnación mesma do estado: del era o territorio e del emanaban as institucións. Podía dictar leis, era a autoridade máxima do goberno, e cabeza da xustiza. Este modelo fora implantado en Francia no século XVII con Luís XIV. Os primeiros Borbóns españois, Filipe V (1700-1746) e Fernando VI (1746-1759), cun grupo de conselleiros fieis intentaron fortalecer o poder real. Con esta idea, asumiron a tarefa de unificar e reorganizar os diferentes reinos peninsulares. Este feito significou a perda de soberanía dos territorios da Coroa de Aragón.

No terreo da política territorial, a Guerra de Sucesión (na que os reinos da Coroa de Aragón apoiaran a Carlos) foi aproveitada por Filipe V para suprimir os *fueros* (leis particulares) destes reinos mediante os chamados ***Decretos de Nueva Planta*** (Valencia e Aragón 1707; Mallorca 1715, e Cataluña 1716) que trasladaban a Aragón a lexislación castelá. Unicamente Navarra e as provincias vascas, que apoiaran a Filipe na Guerra, mantiveron os seus fueros. Así todo o territorio constituíu unha única estrutura de carácter uniforme.



División administrativa da España do século XVIII

A Nova Planta aboliu as Cortes dos diferentes reinos da Coroa de Aragón, integrándoas nas de Castela, que se converteron nas **Cortes de España.** Consideradas incompatibles coa autoridade do monarca só se reunían por petición do rei e para xurar ao herdeiro. O Consello de Aragón foi abolido e o Consello de Castela constituíuse como o órgano esencial de goberno do país.

A administración territorial baseouse nunha división provincial, na que cada provincia quedaba ó mando dun *Capitán Xeneral* nomeado polo rei, con funcións militares e gobernativas e actuaban como delegados da autoridade real (gobernadores) nos

diferentes territorios, eliminando a figura dos virreis. Tamén se establecía en cada provincia unha *Audiencia*, que aconsellaba ó Capitán Xeneral e se encargaba de asuntos xudiciais, e un *Intendente* encargado da recadación de impostos e a dinamización económica do país: coidar das Reais Fábricas, controlar ás autoridades locais, realizar censos, impulsar o desenvolvemento da agricultura e da gandería, etc. Este nova figura, de inspiración francesa, foi a contribución máis anovadora do novo modelo administrativo.

Na administración central, os *Secretarios de Despacho* nomeados e destituídos polo rei foron adquirindo cada vez maior importancia ata quedar encargados dos asuntos comúns a toda a Monarquía, converténdose en antecedentes dos nosos actuais ministerios.

A Facenda. Para reforzar ó Estado, necesitábase unha Facenda sólida. Pretendeuse, sen éxito, a unificación das moedas, pois ata entón cada reino tiña as súas, e pretendeuse o aumento da recadación cun sistema fiscal unificado e baseado na riqueza de cada habitante, aínda que dalgúns impostos as clases privilexiadas seguían exentas.

Na Coroa de Aragón, os Decretos de Nova Planta permitiron a aplicación da *Contribución Única*. A Administración impuña unha cantidade fixa a cada reino, que logo debería ser distribuída de acordo coa riqueza de cada individuo. Castela, sen embargo, continuou co seu sistema de múltiples tributos. Os intentos de Ensenada (ministro de Facenda que impulsou a realización dun catastro onde se detallaba a riqueza de Castela entre 1850 e 1853) fracasaron ante as resistencias da nobreza e do clero.

En conxunto, o mal estado da Facenda estatal foi sempre un problema para o progreso económico. Foi, ademais, unha fiscalidade especialmente dura cos sectores populares. A creación do Banco de San Carlos (1782), que se convertería no Banco de España máis tarde, foi un dos acontecementos financeiros máis significativos da época

«Considerando ter perdido os reinos de Aragón e Valencia, e todos os seus habitantes, pola rebelión que cometeron tódolos fueros, privilexios, exencións e liberdades que gozaban e que lle foran concedidas así por min e polos meus predecesores, particularizándoos nisto dos demais reinos. E á circunstancia de ser comprendidos entre os demais que lexitimamente posúo nesta monarquía engádese agora o de dereito de conquista; e considerando que un dos principais atributos da soberanía é a imposición e a derrogación das leis, as cales, podería EU cambiar sen os fundados motivos que hoxe concorren; xulguei conveniente, así por esto como polo meu desexo de reducir tódolos meus reinos de España á uniformidade dunhas mesmas leis, usos, costumes e tribunais, gobernándose igualmente todos polas leis de Castela, abolir e derrogar tódolos referidos fueros e privilexios, prácticas e costumes ata aquí observadas nos mencionados reinos, sendo a miña vontade que estes se reduzan ás leis de Castela, sen diferencia algunha en nada, podendo obter por esta razón igualmente os meus fidelísimos vasalos casteláns , oficios e empregos en Aragón e Valencia da mesma maneira que aragoneses e valencianos poden en adiante gozalos en Castela.». Buen Retiro, a 29 de xuño de 1707

FREI NICOLÁS JESÚS DE BELANDO, *Historia civil de España*. Parte I (Madrid, 1740)

«... Tendo conseguido coa asistencia divina e xustiza da miña causa, pacificado as miñas armas o Principado de Cataluña, tocaba a miña soberanía establecer goberno no mesmo (...)

... que no Principado se forme unha Audiencia, presidida polo Capitán Xeral ou Comandante Xeral das miñas Armas.

... As causas da Real Audiencia substanciaranse en lingua castelá.

... Haberá en Cataluña Corrixidores... De tódolos expresados Corrixidores resérvome a nominación.

... Polos inconvenientes que se experimentaron nos somaténs, e xuntas de xente armada, mando que non existan.

Nueva Planta de la Real Audiencia del Principado de Cataluña (1716)

A lei sálica

Entre as reformas introducidas no reino de España por Filipe V de Borbón estivo a chamada lei sálica

Tradicionalmente no reino de Castela as mulleres puideron reinar (por exemplo Isabel a Católica), e no reino de Aragón podían transmitir ese dereito; pero non en Francia. Así que Filipe V estableceu que só poderían reinar os varóns

5. O Reformismo ilustrado

O absolutismo político do século XVIII que preconizaba o reforzamento do poder absoluto do rei, era entendido non como un poder arbitrario, senón como o medio de lograr mellorar as condicións de vida de todos os seus súbditos, fronte á cobiza e a insolidariedade dos señores (eclesiásticos o nobres) que só miraban polos seus intereses

O rei debía asumir todos os poderes para reformar a sociedade baseándose na Ilustración (a razón, a ciencia, as innovacións, a cultura…): debía ser un **déspota ilustrado**

Debía reinar en favor do seu pobo, pero sen contar con el, xa que se consideraba que o pobo era ignorante e supersticioso e non sabería escoller o que lle conviña: *"todo para o pobo pero sen o pobo"*

O século XVIII foi o *século das luces*, da Ilustración, en Europa. En España os ilustrados foron unha minoría formada por membros da burguesía e algúns membros do clero e da pequena nobreza. A súa maior preocupación foi o progreso da Nación. Esta preocupación levounos á crítica da tradición imperante e a propoñer unha serie de medidas reformistas que favorecerían o crecemento económico do Reino e dos seus habitantes. Os ilustrados crían que os homes, conducidos pola súa intelixencia, poderían acadar o coñecemento, que era para eles a base da felicidade.

Soirèe de Madame Geoffrin Lemonier. 1755

Someteron a crítica os principios da sociedade estamental, negando a transmisión hereditaria de calquera privilexio, e afirmando a igualdade e o dereito á liberdade de todos os homes. Criticaron tamén a organización económica, a falta de liberdade para mercar, vender, establecerse ou progresar e defenderon un modelo que garantise a propiedade e a liberdade de comercio e de industria. Tamén, sen negar a existencia de Deus, opuxéronse ao dominio ideolóxico da Igrexa, aos seus privilexios e á visión inmobilista transmitida polo clero.

Por último, enfrontáronse ao absolutismo monárquico, defendendo a necesidade dun contrato entre gobernantes e gobernados que garantise os dereitos básicos do individuo. Montesquieu defendeu a separación de poderes (lexislativo, executivo e xudicial) e Rousseau propuxo o principio de soberanía nacional, dicindo que o poder emana do libre consentimento dos cidadáns, expresado mediante o voto.

5.1. A ilustración española

A introducción e difusión das ideas dos ilustrados en España foi lenta e difícil. Existiu un atraso importante respecto dalgúns países europeos, pero esencialmente defendéronse as mesmas medidas e reformas .Na primeira metade do século foi determinante a inexistencia de clases medias burguesas formadas, o conservadorismo dos medios intelectuais universitarios e o enorme peso da igrexa para a escasa difusión das ideas ilustradas, pero a partir de 1750-60, hai unha xeración de pensadores españois que nos seus escritos reflicten as preocupacións ilustradas e critican o modelo social imperante.,

Na primeira metade de século destacan Feijóo, cuxa obra centrouse na divulgación da ciencia de Newton e na crítica aos prexuízos tradicionais e as supersticións (*Teatro Crítico,* 1726) Campomanes, Cadalso, Aranda, Jovellanos, Floridablanca, Olavide, etc..Non forman un grupo homoxéneo pero coinciden no interese pola ciencia, no espírito crítico e na idea de progreso.

En medio da aristocracia e do clero por unha banda, e da ignorancia das clases populares, os ilustrados españois fixeron da educación un obxectivo prioritario, convencidos de que só a mellora do nivel cultural do país podía sacalo do seu atraso. Por iso loitaron contra as ordes relixiosas e contra os privilexiados e defenderon unha ensinanza útil e práctica, obrigatoria nos primeiros niveis, común aos dous sexos e relacionada co estranxeiro.

O interese pola educación e o progreso científico concretouse tamén na creación de novas institucións de ensino secundario (Reais Estudos de San Isidro), de ensino superior (Colexio de Cirurxía, Escola de Mineraloxía, Escola de Enxeñeiros de Camiños) e na reforma das Universidades e dos Colexios Maiores.

Tamén se desenvolveu a literatura didáctica e crítica (Feijóo, Jovellanos, Cadalso e Moratín co seu soado *El si de las niñas*, e desenvolveuse a prensa e as revistas literarias e científicas.

A outra preocupación básica foi a cuestión económica. Todos eran conscientes de que o atraso do país procedía do forte predominio da propiedade nobiliaria e eclesiástica, do excesivo control sobre as actividades económicas, do descoñecemento de novas técnicas, inventos e avances, aplicados noutros países como Gran Bretaña ou Holanda. Por iso, estudiaron a situación real do país e propuxeron unha serie de medidas de reforma.

Medidas que na práctica tiveron unha escasa eficacia debido ás resistencias dos grupos privilexiados que vían perigar os seus intereses e se opuxeron ás modificacións da estrutura da propiedade da terra. Os ilustrados mostraron interese tamén pola educación, especialmente polas ensinanzas prácticas.

Nos seguintes textos vense algunhas destas preocupacións e as reformas que propuxeron:

Crítica dos privilexios da nobreza e do clero:

«Eu imaxino ós nobres que o son por nacemento como uns simulacros que representan a aqueles ascendentes seus que, pola súa virtude e accións gloriosas, adquiriron a nobreza para si e para a súa posteridade (...) deste xeito o meu respecto todo vaise dereito a aqueles orixinais, sen que ós simulacros por si mesmos lles toque parte algunha de culto (...)

Ao contrario, venero por si mesmo ou polo seu propio mérito a aquel que serve utilmente á república, sexa ilustre ou humilde de nacemento; e así mesmo venero a aquela ocupación con que a serve, graduando o aprecio pola súa maior ou menor utilidade, sen atender se os homes a teñen por alta ou baixa, brillante ou escura»

Feijoo, B.: *Teatro Crítico. Cartas Eruditas*

"En Vilanova de Lourenzá abadía dos freires bieitos (...)teñen (os frades) tal abuso que o día de Reis teñen a obriga de xuntarse o alcalde maior e dous ordinarios co rexemento e todos os vasalos sen que falte ninguén (...) e han de ter alí un paxaro rei pequerrecho de papo colorado (...) e chegan ao convento onde está o abade con toda a comunidade (...) e o alcalde maior pon o paxaro nas mans do abade (...) toma o abade o paxaro nans mans e saca unha tesoira, pona ao colo do paxaro e di: "vedes meus vasalos este paxaro; vedes como está na miña man cortarlle a cabeza; así está na miña man cortala ao vasalo que fose desobediente (...)"

SAAVEDRA; Pegerto: *A vida cotiá en Galicia de 1500 a 1850.* 1992

Crítica dos gremios e necesidade de impulsar os estudios das ciencias útiles:

«Se os gremios de artesáns poden ser útiles no que mira á industria, sería para algunha destas tres cousas: ensinanza, fomento ou adianto dos oficios.

A ensinanza é o que menos se coida nos gremios. Nin os mestres saben debuxo, nin teñen premios ós discípulos, nin probas públicas das súas facultades; e todo vai por un mecanismo de pura imitación duns en outros sen regras, gusto, nin dirección.

O fomento das artes é incompatible coa subsistencia dos gremios: eles fan estanco nos oficios, e a título de seren únicos e privativos, non se toman o traballo de esmerarse nas artes. Porque saben ben que o público vainos buscar necesariamente.

Os que teñen afección ós oficios non poden exercer privadamente sen suxeitarse ó gremio, e iso retrae a moitos, que nas casa traballarían acaso mellor, e esta competencia estimularía á súa perfección.

É tamén preciso borrar dos oficios toda deshonra; e habilitar ós que os exercen para os empregos municipais. Nunha Nación chea de honra, como a española, convén non perder de vista esta máxima que obra tan bos efectos en Cataluña.»

*Discurso sobre a educación popular d*e Rubin de Celis, aumentado e corrixido por Campomanes. 1774

«Eu detereime en asegurar á Sociedade (de Amigos do País de Asturias) que estas luces e coñecementos só poden derivarse do estudio das ciencias matemáticas, da física, da química e da mineraloxía; facultades a quen a agricultura, as artes e o comercio de Europa deben os rápidos progresos deste século. E, en efecto, ¿como será posible sen o estudio das matemáticas, adiantar na arte do debuxo, que é a única fonte onde as artes poden adiantar na perfección e o bo gusto? ¿Como, sen a química, poderá adiantarse na arte de tinxir e estampar as fábricas de louza e porcelana, nin as manufacturas traballadas sobre varios metais? ¿Quen, finalmente, sen a metalurxia, saberá distinguir a esencia e nome dos metais, pescudar as propiedades de cada un, para facelos servir a toda clase de manufacturas?

Jovellanos*, Discurso sobre la necesidad de cultivar en el Principado el estudio de las ciencias naturales.* 1782

Necesidade dunha **lei agraria** que aumentase os rendementos da agricultura. Propoñían a conversión das terras amortizadas (morgados, terras do clero, bens comunais) en propiedade privada, o reparto de terras entre os campesiños e a abolición dos privilexios da Mesta.

«A poboación, obxecto principal de todo bo goberno nace do bo repartimento das terras e de que se establezan boas leis agrarias; é imposible que unha provincia prospere e sustente a unha poboación

considerable se cada unha das familias que habitan nela non ten unha dotación suficiente que lle permita vivir, ser útil á sociedade e prover ó erario público... Imponse unha lei agraria por virtude da cal todo veciño teña, polo menos, repartimento de terras para unha xugada, aínda que para iso sexa preciso limitar as labranzas dos grandes propietarios.»

Campomanes, *Memorial ajustado de lei agraria,* 1771

«O primeiro obxecto das Leis Sociais será sempre protexer o interese individual; este interese unha vez protexido aumenta infaliblemente a riqueza particular; desta riqueza nace sen violencia a riqueza pública; e só cando o Estado de fixo por medio dela rico e poderoso, é capaz de loitar contra a natureza, vencela e mellorala.(...)

Os baldíos, as terras dos concellos presentábanse ante o tribunal da razón; a carón deles o desamparo e abertura das herdades privadas. A Mesta e demais artigos de protección parcial, que fan a guerra ó dereito de propiedade individual, saían tamén ó paso. O monstro da amortización, aparecía a súa beira.»

Jovellanos. *Informe sobre la Lei Agraria,* 1794

Entre as medidas propostas polos ilustrados a de maior interese foi a creación por todo o territorio dunhas asociacións: as **Sociedades Económicas de Amigos del País**

A primeira foi fundada por un nobre vasco, o conde de Peñaflorida en 1765, e despois moitas máis noutras provincias. O obxectivo era estudar a situación económica, fomentar a agricultura, o comercio e a industria, traducir e publicar libros estranxeiros e impulsar a difusión das ideas liberais e fisiócratas. O goberno e os ilustrados consideraban á agricultura como o maior problema da economía española. Propoñían as novas ideas fisiócratas de que a terra e a agricultura eran a principal fonte de riqueza dun país, e vían os atrancos para dispoñer de propiedade individual (amortización, mans mortas, señoríos), por iso criticaron sistematicamente estas formas antigas de propiedade da terra.

5.2. Carlos III e o despotismo ilustrado

O reinado de Carlos III (1759-1788) identifícase co reformismo ilustrado: pretende mellorar as condicións económicas e administrativas do país.

Accedeu ao trono español ao morrer o seu irmán Fernando VI sen descendencia directa. Pero Carlos III xa reinara en Nápoles desde o ano 1739 e entrara en contacto coas ideas ilustradas. Como outros monarcas absolutos europeos, mostrouse partidario de incorporar algunhas ideas sobre progreso e racionalización, sempre que non atentasen contra as bases sociais e políticas do seu poder.

Carlos III enfrontouse ao inicio do seu reinado cunha forte oposición dos grupos privilexiados ao seu programa de reformas.

Sobresae o Motín de Esquilache (1766) que foi unha revolta na que se uniron o malestar da poboación pola carestía e o prezo dos alimentos (froito dunha mala colleita e da liberalización do comercio do trigo), a oposición ao excesivo poder de altos cargos estranxeiros (Grimaldi, Esquilache, etc.) e a resistencia dos privilexiados que vían recortado o seu poder e influencia.

O motín de Esquilache

«O home forte dos primeiros anos de reinado de Carlos III é o marqués de Esquilache. Odiado pola súa condición de estranxeiro, este italiano fora o máximo impulsor do programa ideado por Campomanes, tendente a restablecer o benestar do reino coa recuperación de señoríos pola Coroa, a liberdade do comercio de cereais e os primeiros estudios de desamortización dos bens da Igrexa. As medidas alarmaron aos grupos privilexiados, dispostos a sacar partido da xenofobia popular e da subida dos prezos e impostos. Un decreto

de 1766, dirixido a mellorar a imaxe de Madrid e dos seus habitantes, dexenera nun levantamento popular, manipulado pola nobreza e a Igrexa, que obriga a Esquilache a abandonar España.

... Carlos III, co exército en Madrid, atopa unha formidable escusa para ampliar os dereitos regalistas sobre a Igrexa. As investigacións do motín de Esquilache descargaron sobre os xesuítas a responsabililidade do levantamento. A desconfianza dos gobernos ilustrados -exceso de riqueza, control da educación- e do rei, que consideraba a súa dependencia de Roma como unha infedilidade ó Estado, os xesuítas abandonaron en 1767 a península e as súas colonias.»

Reelaborado a partir de Cortázar e González Vesga: *Breve Historia de España*, Alianza Ed.1993, px. 372-373

Ante a extensión da revolta, Carlos III destituíu a Esquilache, freou algunhas reformas e baixou o prezo dos produtos de primeira necesidade.

Despois dun tempo, Carlos III continuou o seu programa de reformas, agora con ministros españois, para tratar de abolir algúns dos privilexios da sociedade do Antigo Réxime. No ano 1783 declaráronse honestas todas as profesións, mesmo admitindo como mérito para a consecución da fidalguía as actividades profesionais de utilidade pública.

Recoñecemento dos oficios baixos e mecánicos

"Declaro que non só o oficio de curtidor, senón tamén as demais artes e oficios de ferreiro, xastre, zapateiro, carpinteiro e outros a este xeito, son honestos e honrados. Que o uso deles non envilece a familia nin a persoa do que o exerce, nin inhabilita para obter os oficios municipais da república en que están avecindados os artesáns ou menestrais que os exerciten. E que tampouco deben prexudicar as artes e oficios para o goce e prerrogativas da fidalguía aos que tivesen lexitimamente, conforme ao declarado na miña ordenanza de substitucións do exército de 3 de novembro de 1770, aínda que os exercesen polas súas mesmas persoas (...)"

Habilitación para obtener oficios de república los que exercen artes e oficios, con declaración de ser honestos e honrados. (Carlos III, 18 de marzo de 1783)

Os ministros de Carlos III (Aranda, Floridablanca…) promoveron algunhas reformas económicas e político-administrativas bastante moderadas e de resultados moi limitados, como a reforma da administración central, provincial e local. O seguinte esquema resume as reformas económicas de Carlos III:

1. Obras públicas orientadas sobre todo a favorecer os regadíos (grandes canles, redes de acequias...).
2. Reformas nos arrendamentos agrarios.
3. Colonización de Serra Morena con colonos alemáns (dirixida por Olavide).
4. Estudo para unha lei agraria que incluíu:
   - Plan de reforma de Floridablanca de 1771: que buscaba reformar a agricultura e repoboar o campo.
   - O Memorial axustado, de Campomanes, que buscaba fomentar a propiedade familiar da terra.
   - Informe sobre a lei agraria de Jovellanos, de 1795, que recompilaba toda a información anterior e era máis ambicioso nas súas pretensións. Pretendía limitar os dereitos de paso da Mesta e mellorar as explotacións
5. Fomento da artesanía e a industria (Manufacturas reais)
6. Fundación de estaleiros en Ferrol, Cádiz e Cartaxena

5.3. Os límites do reformismo borbónico

As medidas propostas polos ilustrados tiveron unha aplicación escasa. A pesar de que moitos deles tiveron altos cargos nos gobernos de Fernando VI e Carlos III, a oposición dos grupos privilexiados e o medo dunha poboación analfabeta apegada os costumes tradicionais fixo que na práctica as realizacións fosen escasas, destacando a colonización

de Serra Morena, a redución dos privilexios da Mesta, a liberdade do comercio de trigo, a supresión dos gremios...).

Formulaban unha reforma desde arriba, apoiándose no monarca absoluto («*déspota ilustrado*»), pero os cambios económicos propostos cuestionaban as bases da propia monarquía absoluta, polo que o rei, ante oposición dos grupos privilexiados, sempre freou a posta en práctica das medidas que máis afectaban ó poder social da nobreza e do clero (desvinculación dos morgados, desamortización, contribución única, reparto das terras). Así o vimos máis arriba no fracaso da *Contribución Única* en Castela e nos motivos que provocaron o Motín de Esquilache. O límite das reformas ilustradas estaba na pervivencia do sistema político absolutista.

Enfrontarse decididamente coa nobreza significaba destruír a base da desigualdade civil sobre a que se asentaba a propia monarquía absoluta. Reformar tiña como límite o poder do monarca e manter o esqueleto da orde do Antigo Réxime.

Cando estalou a Revolución Francesa (1789) os límites fixéronse máis evidentes. O novo monarca Carlos IV e gran parte dos seus colaboradores foron os primeiros en mirar con medo os efectos que as ideas ilustradas provocaran en Francia.

6. As transformacións económicas, as manufacturas e o comercio colonial no século XVIII.

A segunda metade do século XVIII representa para Europa a consolidación dunha nova estrutura económica: A revolución Industrial en Gran Bretaña, que se estendeu aos outros países europeos nesta centuria: Bélxica, Holanda, Francia, pare dos estados que formarían Alemaña.

España participou desta transformación de forma relativa. Nalgunha zonas, sobre todo en Cataluña avanzaron cara á equiparación coas outras nacións europeas, pero o conxunto da economía seguiu dominada por unhas institucións incompatibles coa economía moderna.

6.1. Crecemento demográfico.

O século XVIII en Europa significou o inicio dun ciclo demográfico caracterizado polo crecemento ininterrompido da poboación, no que desaparecen asa grandes mortalidades. En España, as altas taxas de natalidade (42%º) compensaban as altas taxas de mortalidade (36%º), pero medrou moito máis a periferia co interior.

A pesar de que os monarcas, e sobre todo os déspotas ilustrados, adoptaron políticas poboacionistas, ofrecéndolles incentivos ás familias numerosas, o crecemento da poboación española estaba limitado polas crises de subsistencia, que diezmaban á poboación de cando en vez.

6.2. As manufacturas.

Os primeiros Borbóns impulsaron, seguindo o exemplo francés, a formación de manufacturas reais subvencionadas polo Estado para intentar frear as importacións de produtos de luxo (tapices e cristais na Granxa, tabacos en Sevilla, porcelana en Madrid, etc.). Durante o reinado de Carlos III, baixo a influencia de Campomanes, iniciouse unha política de redución dos privilexios gremiais, que facilitou a creación de manufacturas e ofrecían axudas para a instalación de novas industrias.

Os núcleos máis activos destas novas formas de produción foron tres: Valencia, País Vasco e Cataluña.

En Valencia medrou a industria da seda, controlada por comerciantes que combinaban o traballo a domicilio coa instalación de factorías con máquinas modernas.

No País Vasco incrementouse a produción de ferro, sobre todo pola prohibición de importar productos de ferro estranxeiros (proteccionismo).

En Cataluña produciuse unha especialización crecente manufactureira nas zonas interiores , con menos vantaxes para o cultivo agrícola, sobre todo no fiado e no tecido de la, a marxe dos gremios. Pola contra o litoral especializouse na vide e no comercio do viño e augardente. O comercio dos produtos das manufacturas viuse favorecido pola ampliación do mercado de Castela debido á abolición das fronteiras interiores tras a Guerra de Sucesión.

Sobre a base das habilidades adquiridas tanto nas tarefas comerciais como na produción laneira, xurdiu no último terzo do século a manufactura algodoeira, dedicada aos tecidos brancos ou estampados (indianas).

6.3. O comercio colonial

Os Borbóns, sobre todo Carlos III preocupáronse por reorganizar o comercio con América. As colonias eran unha grande fonte de ingresos para a Coroa.

O comercio colonial mantiña a estrutura dos Austrias. Dous portos, Sevilla e Cádiz monopolizaban o dereito ao comercio americano e se organizaban polo sistema de flotas, que saían ao mar periodicamente e que debían volver aos mesmos portos. A incapacidade da industria e da agricultura castelás para abastecer a demanda americana dera lugar a que gran parte dese comercio estivera nas mans de comerciantes estranxeiros (franceses, holandeses e ingleses), a través dos seus axentes no porto de Cádiz.



Porto de Cádiz. no século .XVIII

A Coroa patrocinou a fundación de Compañías comerciais, dándolles privilexios e o monopolio sobre produtos ou territorios americanos. Pero a piratería, a competencia estranxeira, o contrabando, etc. pronto arruinarían ás novas compañías, co que se abriu o camiño cara á liberalización total do comercio americano. Carlos III abriu o monopolio de Cádiz e estableceu a libre comunicación dos portos españois en 1778, primeiro co Caribe e despois con todas as colonias

> "Como desde a miña exaltación ao Trono de España foi sempre o primeiro obxecto das miñas atencións e coidados a felicidade dos meus amados Vasalos destes Reinos e dos de Indias, fun dispensándolles a uns e outros as moitas gracias e beneficios que deben perpetuarse na súa memoria e recoñecemento. E considerando Eu, que só un Comercio, libre e protexido entre Españois Europeos e Americanos, pode restablecer nos Meis Dominios a Agricultura e a Industria (...)"
>
> Decreto de Liberdade de Comercio con América. 1778

Pazo Banga. Carballiño

Estas medidas liberalizadoras contribuíron á prosperidade de zonas como Cataluña, que puideron abrirse á exportación. Cádiz seguiu sendo o gran porto no século XVIII pero o seus negocios eran de reexportación: as mercadorías que chegaban de toda Europa eran embarcadas cara á América, Esta actividade non repercutía na prosperidade do resto de Andalucía. Outros portos como o de Barcelona especializáronse na exportación de produtos locais (augardente, tecidos,etc..) contribuíndo ao crecemento económico de Cataluña.

7. Galicia no Antigo Réxime

A Galicia do século XVIII era unha sociedade eminentemente rural e agraria. Case todo o mundo vivía en aldeas e lugares, e as cidades eran tamén pequenas. Santiago era a cidade maior e non chegaba aos 20.000 habitantes. As sete cidades (Santiago, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui) e as vilas de Pontevedra, Vigo e Ferrol case non sumaban o 5% do total dos habitantes.

O foro era o contrato a longo prazo, que tiñan unha duración media de tres xeracións, asinado entre o señor (segrar ou eclesiásticos) e o labrego ou unha aldea representada polos cabezaleiros, en virtude do cal o primeiro lle cedía ao segundo o uso dunhas terras e este comprometíase a entregarlle a aquel todos os anos unha determinada cantidade de gran ou viño e outros produtos. Cando vencía o prazo estipulado, o foro adoitaba renovárselle aos descendentes dos primeiros foreiros. Incluso podía venderse o dereito de cultivo mediante o pagamento dun canon ao dono das terras. O sistema foral implica unha forma de propiedade compartida da terra: os que traballaban as terras e pagaban rendas tiñan unha forma de propiedade (*dominio útil*), polo que podían vendelas, dividilas, deixalas en herdanza, etc. sempre coa obriga de pagar as rendas estipuladas

Os que cobraban as rendas por moi diferentes tipos de contratos tiñan outro tipo de dereitos de propiedade (dominio directo), pero non podían expulsar aos foreiros, se estes pagaban as rendas.

A maior parte das terras productivas de Galicia eran de dominio eclesiástico, e estaban arrendadas en réxime foral

Case todos os foros convertéronse na época moderna (S. XVI a XVIII) en contratos a perpetuidade ou foros perpetuos

No reinado de Carlos III dictouse unha sentencia (1763) nun preito entre eclesiásticos e fidalgos (conflicto de "*os despoxos*") que consolidou os foros en contratos perpetuo.

Desde o século XVI a maioría dos mosteiros de Galicia pasaron a depender de casas centrais radicadas fóra (Valladolid). Os mosteiros cederon os seus patrimonios aos fidalgos (pequena nobreza rural) para que se encargaran de cobrar as súas rendas. Os fidalgos, que non traballaban as terras, dividíronas entre campesiños para que as traballaran a cambio dunha renda (subforo). No século XVIII, gracias aos novos cultivos (millo, pataca) aumentaron as rendas agrarias que pagaban os campesiños aos fidalgos que levaban os foros dos mosteiros, pero estes seguían recibindo a mesma renda dos fidalgos.
Os mosteiros, que posuían o dominio directo, reclamaron aos *levadores* (fidalgos) que lles devolvesen a propiedade, para poder arrendala directamente (*despoxar aos levadores dos foros*). Houbo varios preitos, ata que os fidalgos conseguiron unha sentencia favorable que lles confirmaba o goce das rendas forais.
Coa sentencia dos *despoxos* (1763) impediuse que os mosteiros convertesen o dominio directo en propiedade plena: os fidalgos seguiron percibindo as rendas, e os campesiños non perderon, porque os seus pagos quedaron tamén conxelados e estabilizados a perpetuidade.

Esta sentencia foi moi importante, xa que consolidou este peculiar sistema de propiedade da terra en Galicia ata o século XX, sen que se vise seriamente afectada polas desamortizacións do século XIX

As industrias rurais

En Galicia, os campesiños obtiñan ingresos suplementarios coa produción artesanal (tecidos de liño…). É a industria familiar doméstica. No século XVIII incrementouse o tecido de lenzos de liño, e do curtido de coiros. Nunha primeira etapa, o liño utilizado era maioritariamente galego e a comercialización corría a cargo do propio produtor nas feiras locais ou de pequenos intermediarios.

Pero desde 1750-1770, co desenvolvemento desta actividade foi preciso importar cantidades crecentes de materia prima, sobre todo do Báltico, a través do porto de Ribadeo. Así medrou a figura do comerciante importador de liño e exportador de lenzos

No sector téxtil cabe citar a fábrica de lonas de Sada, ou as numerosas de sombreiros de A Coruña, a mantelearía da Coruña fundada en 1684 que era subministradora exclusiva

CUADRO 1.1
Número de personas dedicadas en Galicia a algunas actividades artesanales a mediados del siglo XVIII según el Catastro de Ensenada

Canteros	6.883
Carpinteros	4.261
Herreros	2.238
Zapateros	3.652
Curtidores	1.836
Alfareros y tejeros	1.134
Cordeleros	532
Cesteros	242
Sastres	4.862
Tejedores	4.021
Total artesanos varones	*24.779*
Tejedoras	5.425
Palilleras	1.228
Costureras	1.406
Total artesanas mujeres	*8.059*

Fuente: Artiaga y Fernández (1997)

da Casa Real, e que en 1786 ocupaba a 800 persoas, sendo delas 600 fiadeiras a domicilio.

Outro sector foi o de curtidos, nos que predominaban os pequenos establecementos de menos de dez traballadores.

Galicia representaba moi pouco no conxunto da industria fabril española. Quedou fóra do primeiro impulso fabril de 1833-60, período no que Cataluña se colocou á cabeza da produción industrial.

A producción de lenzos en Galicia ocupaba a mediados do século XVIII un mínimo de 15.000 tecedores e tecedeiras e unha cifra catro veces superior de fiadeiras e persoas que traballaban na preparación da fibra.


Tear 1879. *Ilustración Gallega y Asturiana*

Durante os séculos XVIII e XIX non se introduciron melloras técnicas nas formas de organización da produción, nun momento no que as actividades como o traballo de algodón experimentaron unha importante transformación e baixa nos costos. Os lenzos galegos foron desprazados dos mercados casteláns e andaluces polas novas producións de algodón inglés ou catalán, o que supuxo a liquidación das actividades das persoas que estacionalmente se ocupaban da produción e distribución, co conseguinte empobrecemento dunha fracción importante das explotacións familiares de Galicia. Isto provocou tamén unha redución da demanda dos bens de consumo e das posibilidades de formación de capital no mundo rural.

Os problemas mais importantes que impediron a reorientación do sector foron:

- A estabilidade do sistema agrario, do que a produción téxtil rural formaba parte.

- A propia maneira en que o sector creceu cunha distribución atomizada que imposibilitou a acumulación de capital. Conseguida a mecanización do algodón non hai grupos comerciais interesados na substitución do liño polas novas fibras.

En ausencia de tal vía, nos anos posteriores á Guerra da Independencia, os lenzos galegos empezaron a perder os seus tradicionais mercados polo algodón inglés primeiro, e polo catalán a partir de 1840. A liquidación do sector lenceiro provocou a emigración nas comarcas onde tradicionalmente aquela actividade estaba máis desenvolvida e foi un freo para o desenvolvemento doutros sistemas produtivos de bens de consumo.

A crise da industria téxtil galega vista por un escritor do século XIX

Mais como os teares eran moitos e non podían todos funcionar con regularidade, xa fora porque deixaban de recibir o fío groso que desexaban ou xa porque a moitos faltoulles a protección deste ou daquel comerciante, que prefería sempre aos primeiros que lle traballaran ou aos que eran o seus coñecidos ou amigos, orixináronse unha serie de rivalidades e loitas entre os mesmos tecedores, que terminaron economicamente rebaixando as ganancias que estes tiñan (...) O último golpe de gracia da manufactura da que falamos recibiuno coa introdución dos algodóns de Cataluña (...) que polas súas excelentes condicións e moderados prezos estaban ao alcance das mais modestas fortunas, que hoxe consumen tecidos de inferior calidade.

(E. SEGOVIA CORRALES, 1895

Marca da fábrica de tecidos de algodón de Xubia, 1874

O ferro traballábase en tres tipos de establecementos: as ferrerías, os mazos ou martinetes e as fraguas, tamén chamadas forxas, polo que Galicia formaba parte das rexións siderúrxicas españolas. A mediados do século XVIII funcionaban 18 ferrerías, que se localizaban nas montañas orientais das provincias de Lugo e Ourense, especialmente na Serra do Courel. Eran propiedade dos nobres, fidalgos e a igrexa, destacando o mosteiro de Samos. Todos as arrendaban a cambio dunha cantidade fixa de ferro labrado para os administradores, que á súa vez contrataban aos traballadores da ferrería.

Os mazos ou martinetes eran establecementos independentes situados cerca dos centros de consumo final do produto elaborado. Había nestas datas arredor de 46 "*machucos de tirar fierro*"

As fraguas eran pequenos talleres artesanais onde ata tres ferreiros requentaban o lingote procedente

Catálogo de produtos das Reais Fábricas de Sargadelos

das ferrerías e dos mazos e convertíano en ferramentas para o traballo agrícola, aros para tonelería, etc..

A metalurxia galega quedaba moi lonxe da vasca, dotada de mellores vetas pero era un dos poucos sectores industriais propiamente especializados no que existían artesáns non labradores que vendían a súa produción integramente no mercado, intercambiándoa coa doutras comarcas de Galicia ou de máis lonxe de Pedrafita.

As numerosas ferrerías instaladas a carón dos ríos (especialmente na provincia de Lugo) tampouco conseguen adaptarse ás novas necesidades; non se transforman tecnicamente, non incorporan as novas fontes de enerxía (carbón mineral en lugar de carbón vexetal) e non poderán resistir, por tanto, a competencia da siderurxia asturiana, primeiro e vasca despois.

O complexo de Sargadelos, foi unha iniciativa de Antonio Raimundo Ibáñez. Era un alto forno destinado á fundición de ferro que foi o primeiro no ámbito civil que se estableceu en España e representou, tanto polo que significaba de avance tecnolóxico, como pola forza de traballo que moveu así como polos conflitos sociais aos que deu lugar unha das experiencias industriais mais significativas de Galicia. Era un alto forno común que usaba carbón vexetal e que logrou un importante crecemento durante a Guerra da Independencia, que pecha en 1875.

A ilustración en Galicia.

Os ilustrados galegos divídense en dúas tendencias: os reformistas conservadores e os máis progresistas.

Os primeiros buscan un programa de reformas que non cambie o sistema vixente, como Xoán Francisco de Castro que critica os morgados ou o cóengo compostelán Pedro Antonio Sánchez, un dos principais promotores da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago.

Entre os segundos, que cren que non hai progreso posible sen cambiar radicalmente o sistema económico do Antigo Réxime, está Lucas Labrada, secretario do Consulado da Coruña dende 1802. Estima imprescindible desamortizar os bens vinculados da Igrexa e dos morgados, privatizar os montes comunais e acabar co sistema foral. Era partidario do fomento da industria fabril e do comercio.

Os ilustrados tiñan tamén unha determinada visión de Galicia, que Galicia era unha das unidades históricas que entraron a formar parte de España aínda que ás veces, pensaban que era agredida nos seus intereses colectivos.

O caso diferente é Frei Sarmiento (1695-1772) un dos poucos que relaciona os males do país co abandono da lingua e a cultura propias polos fidalgos e cregos e defende a recuperación do galego, no ensino, no culto e nas relacións cos campesiños.

As entidades reformistas foron:

Real Academia de Agricultura, fundada na Coruña en 1765 polo intendente xeral do Reino. En 1784 foi aprobada a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, integrada por membros do Cabildo, da Universidade e da burguesía local. Desenvolveron proxectos como: escolas de debuxo, fiado e tecido; premios para estimular a capacitación dos campesiños e artesáns, cultivo de liño e cánabo e a súa transformación industrial.

1. A Sociedade Económica de Amigos del País da cidade de Santiago terá por instituto mellorar a industria popular e os oficios, auxiliar súa ensinanza, divulgar os segredos das artes, anunciar as máquinas que simplifiquen o traballo, fomenta-la pesca, a agricultura e a cría de gandos, procurando que se quiten as trabas que ós adiantamentos de todas estas cousas poidan oporse, e finalmente proporcionará ós habitantes de Galicia os medios para que poidan vivir do seu traballo; todo baixo a autoridade dos lexítimos superiores.

2. Promoverá e adiantará a educación da xuventude de todas clases.

3. Procurará a erección e bo réxime das escolas patrióticas, como todos os demais establecementos que considere útiles para os fins propostos.

Estatutos da *Sociedade Económica de Amigos del País* de Santiago de Compostela, fundada no 1785

En 1785 o Rei autorizou o Real Consulado da Coruña, que exercía como tribunal de paz nos conflitos mercantís, con xurisdición sobre todos os portos entre A Coruña e Vigo. O Consulado foi o impulsor do pensamento económico liberal en Galicia.

Tamén hai que mencionar a reforma da Universidade, que dende 1495 estivera controlada pola Igrexa compostelá. O Rei púxoa baixo á súa dependencia, acabando co antigo poder dos Colexios. Entre 1751 e 1771 foron incorporándose ensinanzas científicas e médicas, e aproveitando a expulsión dos xesuítas, edificouse na horta do Colexio da Compañía, unha nova sede, que é a actual facultade de Xeografía e Historia. Este foi un núcleo de ilustrados entre profesores e alumnos.

REAL PROVISION
DE SU MAGESTAD,
i Señores
del Real, i Supremo Consejo,
POR LA QUE SE MANDAN ESTABLECER TRES FABRICAS de Lienzos imitados a los de Westfalia, dos en este Reino de Galicia, i una en el Principado de Asturias; i exijir dos mrs. en arroba del vino que se consuma en dichos terminos, por el tiempo necesario a satisfacer los gastos de el establecimiento de dichas Fabricas, i a reintegrar la Real Hacienda de cincuenta mil pesos, que la Real Piedad de S. M. manda anticipar, con lo mas que expresa.

Año 1775.

EN SANTIAGO
Por Ignacio Aguayo i Aldemunde.

Marqués de Sargadelos. Goya